



BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓN

18 de xullo de 2007

Nº 12

METEOROLOXÍA

Precipitacións moderadas durante a fin de semana pasada e descenso das temperaturas medias. Prevese tempo estable e mellora das temperaturas. Nalgunhas zonas da provincia de Ourense non serían raras temperaturas cercanas aos 30°C. Poderían aparecer algunhas precipitacións o longo da fin de semana nas zonas costeiras de Pontevedra e A Coruña.

VIÑEDO

D. O. Rías Baixas

Estado fenolóxico medio

K (uva tamaño guisante).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

Nos viñedos sen a adecuada protección contra Mildeu segue a manifestarse unha incidencia e agresividade moi forte desta enfermidade larvada nos acios, que se poñen negros. Nas follas, sobretudo nas novas, tamén están fortemente infestadas, debido á falta de protección, quizá porque en moitas ocasións no chega ás mesmas o caldo fitosanitario.

Tamén se aprecia unha incidencia puntual de algún acio con síntomas de Oidio.

Presenza de poboacións de Mosquito verde e Ácaros eriófidos con baixa intensidade.

Coidados culturais

Seguen a ser necesarias as labores de poda en verde (desnietado e despunte da gomariza das calles).

Debido a elevada hidrometría desta campaña estase a observar un desenvolvemento alto da vexetación arvense, polo que recoméndase manter o control sobre o seu crecemento.

Recomendacións da semán

Os viñedos non tratados para o Mildeu dende o Luns 16 de xullo, deberán facelo a maior brevidade posible. A partir desta aplicación, e en previsión dunha melloría meteorolóxica, poderanse retomar as cadencias habituais (12-14 días).

Nos viñedos que estén afectados polo Mildeu recoméndase aplicar fitosanitarios de acción sistémica ou penetrante. Os viñedos sin síntomas utilizarán con preferencia produtos de contacto con composición cúprica (total ou parcial).



[sigue D. O. Rías Baixas](#)

Produtos a utilizar contra o mildiu da vid

a) sistémicos, de contacto e/ou penetrantes

benalaxil+cimoxanilo+folpet * (Fobeci-Sipcam) ;
benalaxil+cimoxanilo+mancozeb * (Micene triple-Sipcam y Aragro); **benalaxil+cobre*** (Tairel C-Isagro); **benalaxil+folpet** * (Tairel F-Sipcam e Isagro);
benalaxil+mancozeb * (Galben M-Sipcam); **fosetil-Al** * (Alfil-Afrasa); **fosetil-Al+cimoxanilo+folpet** * (Magma triple-Afrasa; Mikal plus-Bayer CS); **fosetil-Al+famoxadona** (Equation system-Du Pont); **fosetil-Al+iprovalicarb+mancozeb** * (Mikal Premium-Bayer CS); **fosetil-Al+mancozeb** * (pr. común);
iprovalicarb+folpet * (Melody combi-Bayer CS); **metalaxil M (mefenoxam) + folpet** * (Ridomil Gold combi-Syngenta); **metalaxil M (mefenoxam) + mancozeb** * (Ridomil Gold MZ - Syngenta); **metalaxil M (mefenoxam)+ cobre*** (Ridomil Gold Plus-Syngenta).

b) penetrantes e de contacto

azoxistrobin* (Quadris-Syngenta) ; **azoxistrobin + cimoxanilo*** (Quadris Duo - Syngenta); **cimoxanilo en mezclas** *(pr. común) ; **dimetomorf** *(Forum-Basf) ; **dimetomorf+mancozeb*** (Acrobat MZ -Basf); **famoxadona+cimoxanilo** (Equation pro-Du Pont) ; **piraclostrobin+metiram** * (Cabrio Top-Basf). O azoxistrobin non debe mixturarse con produtos formulados en EC (Emulsión Concentrada).

c) sólo de contacto

captan* ; **compuestos de cobre*** ; **folpet***; **mancozeb***; **maneb*** (pr. comunes) ; **ciazofamida** (Mildicut-Belchim); **famoxadona+mancozeb*** (Equation contact-Du Pont y KenoGard); **metiram** * (Polyram combi-Basf) ; **mixturas dos anteriores*** (pr. comunes); **zoxamida+mancozeb** (Electis-Dow).

D. O. Ribeiro

Estado fenolóxico medio

L (peche do acio).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

Siguen aparecendo, con menor intensidade que nas semanas anteriores, novas manchas de Mildiu en follas, ademáis de acios afectados polo mildiu larvado. Apareceron, de xeito localizado, síntomas de ataque de Oidio pero de pouca intensidade. Non se produciron novos ataques de Black-rot.

Recomendacións da semana



segue D. O. Ribeiro

Recomendacións da semán

Mantéñense as mesmas da semana pasada. Recoméndase renovar o tratamento fronte a Mildiu a base de materias de contacto ou penetrantes. No caso de ter problemas nos acios, recurrirase a un tratamento con materias activas curativas. A previsión é que a presión da enfermidade remita pola importante suba das temperaturas que as predicións anuncian.

É importante alternar os fungicidas empregados recomendándose non superar os tres tratamentos por campaña da mesma materia activa, pero sempre de xeito alterno.

Manter protexida o viñedo fronte ao Oidio. No caso de elixir como materia activa o xofre, non é aconsellable tratar nas horas centrais do día polo risco de queima de acios que supón.

O estado fenolóxico de peche do acio (**L**) no que nos atopamos é moi apropiado para facer un tratamento preventivo contra a Botrite

É moi recomendable eliminar parte da vexetación que está próxima aos acios para facilitar a aireación da planta tendo precaución de non deixar expostos os acios ao sol nas variedades sensibles (coma o Godello no seu caso) para evitar queimaduras.

Como medida sanitaria preventiva é recomendable eliminar aqueles acios que estén afectados por enfermidades coma o mildiu para evitar a súa transmisión aos acios sanos.

Non facer os tratamentos con produtos fitosanitarios nas horas centrais do día, sobre todo si as temperaturas suben ata valores próximos aos 30 °C.

D. O. Ribeira Sacra

Estado fenolóxico medio

L (peche do acio).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

Apareceron novas manchas en folia de Mildeu. Con moita menos presenza se manifestaron os síntomas en acios. Non se reproduciron as manchas de Black-rot. Estamos nun período de risco para o Oídio.

Recomendacións da semana

As mesmas que para O Ribeiro.

D. O. Valdeorras

Estado fenolóxico medio

L (peche do acio).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

A presión da enfermidade provocada polo Mildiu é menor que no Ribeiro. Nas zonas baixas con pouca aireación a presión da enfermidade é importante chegando a ocasionar danos na colleita. Tamén remitiron os ataques provocados polo Black-rot e apenas hai problemas provocados polo Oídio.

Estamos nun período de risco para o Oídio.

Recomendacións da semana

As mesmas que para O Ribeiro.

D. O. Monterrei

Estado fenolóxico medio

K (gran tamaño guisante)/L (peche do acio).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

As mesmas que na DO Valdeorras. Estamos nun período de risco para o oídio.

Recomendacións da semana

As mesmas que para O Ribeiro.

PATACA

A maioría da superficie do cultivo na comarca da Limia atópase na fase engrosamento de tubérculos. Nas zonas con máis altitude o ciclo está lixeiramente adiantado respecto a zona da lagoa polo que se atopan na fase de engrosamento do tubérculo. As parcelas máis atrasadas inda continúan na fase de plena floración.

As condicións continúan sendo de risco para o ataque de fungos, con menor presión da enfermidade respecto ás pasadas semanas, polo que é imprescindible manter protexido o cultivo fronte ao Mildiu. Hai que estar vixiantes polo que no caso de que se detecten síntomas na rama deberase recurrir a materias activas de carácter curativo, ademáis das preventivas, xa que o risco de ataque manterase a medio prazo.

Mantense a presenza de poucos exemplares de Escaravello polo que de momento non se recomenda tratar contra esta praga. Coa suba de temperaturas hai que manterse vixiante ante un posible incremento da poboación, o que obrigaría a tratar.



HORTA

HORTA NA COMARCA DA LIMIA

CEBOLA

Fenoloxía

Data de transplante: marzo/abril. Estado de engrosamento do bulbo (**H**). Cebola con 13 follas. Superouse a metade do ciclo do cultivo.

Data de transplante: maio. Estado de formación do bulbo. (**G**). Cebola con 10-11 follas.

Recomendacións

Semana con menor risco por ataque de fungos. Recoméndase manter os tratamentos de xeito preventivo contra o Mildiu e Botrite.

Deberase facer un tratamento preventivo contra o fungo *Esclerotinia* nas parcelas que estén no estadio H.

As condicións meteorolóxicas, temperaturas suaves, non están a favorecer o ataque de pragas polo que non se recomenda ningún tratamento.

Observouse un incremento da poboación de trips, sobre todo nos bordes das parcelas, o que obriga a facer un seguimento da praga por si fora preciso facer un tratamento.

REPOLO:

Fenoloxía

Planta con **10-11 follas.**

Recomendacións

Non se recomenda ningún tratamento contra o Mildiu. Ata o momento tampouco se recomenda tratar contra pragas e sí manter vixiado o cultivo por si aumentase a poboación dos patóxenos e fora necesario tratar (pulguiña das crucíferas).